

Pagamento de taxas

Para ter dereito a participar en cada unha das fases de asesoramento e avaliación, a persoa candidata admitida ao procedemento terá que formalizar o pagamento das taxas correspondentes nun prazo de 10 días hábiles contados desde a comunicación a través do sistema de información Acreditación da admisión na fase de asesoramento ou na fase de avaliación, segundo proceda.

A non presentación dos xustificantes en tempo e forma, suporá a imposibilidade de acceder á fase de asesoramento, e a exclusión da persoa aspirante do procedemento.

Taxas

Taxa da fase de asesoramento

O candidato admitido para a realización da fase de asesoramento deberá aboar unha única taxa de 21,68 euros.

O xustificante do pagamento da taxa de asesoramento presentarase de xeito previo á primeira reunión de asesoramento que se realice a través do sistema de información Acreditación.

Taxa da fase de avaliación

A persoa candidata admitida para a realización da fase de avaliación deberá aboar unha taxa de 10,84 euros por cada unha das unidades de competencia nas que solicite a súa avaliación.

O xustificante do pagamento da taxa da fase de avaliación entregaráse á comisión de avaliación cando o candidato sexa citado para realizar esta fase.

Forma de pagamento

O pagamento da taxa poderase efectuar de dous xeitos diferentes:

- A través do impreso de autoliquidación - A ou AI -, en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia. ([Entidades financeiras colaboradoras](#)).

- De xeito telemático, podendo optar por:

Un pagamento telemático que xeraría un modelo 730,

Un pagamento presencial que xeraría un modelo 731, a ingresar na entidade bancaria.

Os **modelos válidos** que se deberán presentar como xustificante de pago de taxas nas fases correspondentes son os modelos A, AI, 731 e 730.

Procedemento para aboar as taxas

Nas entidades bancarias

Retire o impreso de autoliquidación de taxas A na secretaría ou conserxería da sede e cúbrao consignando os seus datos persoais, os códigos de tramitación que aparecen neste mesmo documento e o importe da taxa que ten que pagar.

Por Internet

Acceda á [Oficina Virtual Tributaria](#) da Axencia tributaria de Galicia e siga a ruta Cidadáns > Pago telemático de taxas e prezos > Iniciar taxa.

Dende aquí optará por realizar o pago telemático xerando o modelo 730 ou presencial no que xeraría un modelo 731.

Códigos para cubrir o impreso

Consellería de Cultura, Educación e Universidade: Código 07

Delegación de Servizos Centrais: Código 13.

Servizo de Secretaría Xeral: Código 01.

Para a fase de asesoramento:

Taxa denominación: Asesoramento do/a candidato/a para participar no procedemento para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación: Código 304201.

Para a fase de avaliación:

Taxa denominación: Avaliación do/a candidato/a para participar no procedemento para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación: Código 304202.

Exencións do pagamento

Estarán exentas do pagamento de taxas as persoas que no momento de iniciarse as sesións de asesoramento e avaliación, figuren como desempregados, así como aquelas persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.